

O MONTE VECIÑAL E A DEFENSA DO TERRITORIO: AS ALIANZAS NECESARIAS

Xosé Alfredo Pereira*

O monte veciñal en man común (MVMC) ocupa 1/4 do territorio do país. Polo tanto, conseguir un monte veciñal multifuncional e sustentábel é defender o territorio. Pero non é posíbel un monte veciñal en man común vivo, multifuncional, equilibrado e sustentábel sen veciñanza comuneira ao seu carón e sen un medio rural vivo.

As políticas europeas do medio rural non defenden o territorio porque até o de agora esixiron para a súa execución, única e exclusivamente, a rendibilidade económica, sen ter en conta a función social do monte. Foron deseñadas ao marxe das persoas que viven, traballan e xestionan o medio rural, aínda que xa se sabe que sen xente no rural non é posíbel defender o territorio.

Entre as funcións que cumpren os MVMC atópase a función medioambiental. Mais, salvo en casos excepcionais como certos montes protexidos de grande valor ambiental e paisaxístico (bosque atlántico, fragas, áreas restrinxidas...), débese evitar o considerar os montes veciñais en man común como reservas da natureza. Por dúas razóns:

porque cada milímetro de terra destes montes está pisada e manexada pola humanidade desde hai milleiros de anos, e porque se queremos un monte veciñal en man común vivo e con persoas ao seu carón, a súa posta en valor ten que xerar emprego para algúns veciños e veciñas comuneiros, ten que mellorar a calidade de vida para toda a veciñanza comuneira e ten que acadar melloras sociais e medioambientais para a sociedade no seu conxunto. Se non é así, o monte veciñal en man común será pasto das lapas ou apropiado polo capital.

Tal e como foron tradicionalmente, os MVMC teñen que ser considerados como superficies rústicas onde se dan múltiples aproveitamentos que son fundamentais para o desenvolvemento do medio rural. A función medioambiental dos montes veciñais en man común debe estar presente en todos e en cada un dos seus usos múltiples. Produce bens intanxíbeis e de difícil cuantificación económica, que benefician a toda a sociedade.

Mais ten custos para os seus titulares, xa que precisa da redacción de

Plans de xestión ou de ordenación, de traballos de silvicultura e do combate do lume e das pragas, etc. Polo tanto, parece consecuente, que os titulares destas terras reciban algún tipo de compensación por estas tarefas. Así pois, a alternativa pasa por acadar un equilibrio compensatorio para os titulares das terras comunitarias que hipotecan certos usos do monte en beneficio da sociedade.

É preciso, xa que logo, compatibilizar as figuras protectoras medioambientais, os usos múltiples dos montes e os beneficios económicos para a veciñanza comuneira co obxectivo de poder vivir toda a vida no rural e en condicións aceptábeis. Do mesmo xeito que os titulares das terras comunitarias teñen que entender e defender que a implantación de certas medidas medioambientais son fundamentais para a defensa do ecosistema, a sociedade ten que entender e defender a lexitimidade das medidas compensatorias. Estas medidas compensatorias teñen que ser recibidas mediante axudas directas, bonificacións e incentivos fiscais, ou polo incremento na porcentaxe nas axudas xerais. O carácter das axudas debe ser finalista e deben estar dedicadas a obxectivos tales como o incremento da superficie arborada con frondosas autóctonas, a posta en valor dos montes veciñais de xeito multifuncional e sustentábel, ou o incremento das rendas da veciñanza comuneira das zonas desfavorecidas e da alta montaña.

Na defensa do territorio non ten por que haber contradicións entre a movemento ambientalista e a veciñanza comuneira, xa que, obxectivamente, ambos son aliados. As discrepancias e diferenzas resólvense doadamente mediante o diálogo. A alianza entre a veciñanza comuneira e o movemento ambientalista é estratéxica para o país.

* Xosé Alfredo Pereira Martínez é presidente da ORGACMM.



Andrés Villaverde

Monte nas Paxareiras. Carnota.